
O NENO DO PIXAMA DE RAIAS

Texto de JOHN BOYNE

Tradución de DANIEL SAAVEDRA

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 216 páx. 14 €.

ISBN 978-84-16721-37-5. Narrativa K. Faktoría K.

IRISH BOOK AWARD

FINALISTA DO PREMIO BORDERS ORIGINAL VOICES

FINALISTA DO OTTAKAR'S CHILDREN'S BOOK PRIZE

PREMIO DOS LECTORES 2007 DA REVISTA LEER

...Cremos que é importante empezar esta novela sen saber de que trata. Nembargantes, se decides embarcarte na aventura, debes saber que acompañarás a Bruno, un neno de nove anos, cando se muda coa súa familia a unha casa onde unha cerca. Hai milleiros de aramados coma ese en moitos sitios do mundo; só desexamos que nunca te atopes con ningún, e se o fas, que teñas forza para librate del...

Esta novela do escritor irlandés John Boyne converteuse nun fenómeno editorial de altísimo nivel: traducida a máis de corenta e dous idiomas, vendeu máis dun millón de exemplares en castelán, foi líder de vendas durante semanas en varios países e realizouse unha adaptación cinematográfica. En galego xa vai pola súa undécima reimpresión.

Trátase dunha fábula literaria para todos os públicos, que bebe de fontes como Charles Dickens, John Irving, Philip Roth, Anne Tyler ou Alexandre Dumas.

Existen no mercado editorial moitas propostas sobre esta temática, pero poucas do calado de "O neno do pixama de raias". A esta obra súmanse "[Diario de Ana Frank](#)" e outros títulos destinados ao público infantil como "[A historia de Erika](#)", de Ruth Vander Zee e Roberto Innocenti, e "[Guernica](#)", de Heliane Bernard e Olivier Charpentier, no catálogo de KALANDRAKA.

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** historia ambientada nun campo de concentración nazi, narrada por un neno.
- **Idade recomendada:** lectores xuvenís e adultos.
- **Aspectos destacables:** do autor de "[Motín na Bounty](#)", "[Noah Barleywater escapa da casa](#)" e "[O que lle aconteceu a Barnaby Rocket](#)" (FAKTORÍA K); historia, holocausto nazi, dereitos humanos.
- **Avance do libro:** <https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-neno-do-pixama-a-raias-g>

John Boyne

(Dublín, 1971)

Estudou Literatura Inglesa no Trinity College de Dublín e Escritura Creativa na Universidade de East Anglia, en Norwich. Ten publicadas varias novelas, entre as que destacan best-sellers internacionais como *Motín na Bounty*, editada en galego por FAKTORÍA K, *The house of special purpose* e *O neno do pixama de raias*, que foi traducida a máis de corenta linguas. Esta obra converteuse axiña nun fenómeno editorial ao vender máis de cinco millóns de exemplares en todo o mundo. *O neno do pixama de raias* gañou dous *Irish Book Award* e foi finalista dos premios *Borders Original Voices* e *Ottakar's Children's Book Prize*. Tamén encabezou a lista dos libros máis vendidos do diario *The New York Times* e foi levada ao cine pola prestixiosa produtora Miramax, con dirección de Mark Herman. En España, a revista *Qué Leer* distinguiuno co Premio dos Lectores no ano 2007. Por outro dos seus títulos, *Index on Censorship*, John Boyne foi proposto tamén ao Premio Ungari Unicef e á Medalla Carnegie.

<http://www.johnboyne.com>